

FOLLA DE RESERVA DIARIA DE AULA

As follas de reserva diaria de aula teñen como finalidade organizar, facilitar e mellorar o uso diario dos espazos docentes en horario de tarde.

As follas de reserva diaria están dispoñibles desde as 8:25 mañá en Conserxería, sendo o persoal deste servizo quen xestiona o procedemento.

Para facer a reserva diaria pódense utilizar dúas vías:

- Apuntándose na mesma folla de reserva no mesmo día, lembrando que só se poden facer reservas por un máximo de tres horas por persoa e grupo.
- A través do correo (produccion@esadgalicia.com) indicando, día, horas (nunca máis de tres), e aula.

É imprescindible asinar na parte posterior da folla de reserva indicando nome, DNI e sinatura da persoa que realizou a reserva e que usou a aula.

Para facilitar que todos os integrantes da Comunidade Educativa poidan dispoñer do tempo suficiente no uso de aulas, prégase non facer reservas abusivas (utilizando os nomes dos integrantes dun grupo), e comunicar de forma inmediata en Conserxería que non se vai facer uso da reserva realizada.

Para realizar a reserva hai que ter en conta as prioridades de uso: (a) docencia, (b) titorías docentes, (c) Traballos de Fin de Estudos, (d) Traballos de aula.

Follas de aula

En cada aula hai dúas follas para dar conta do material que se utiliza na aula, sexa para a docencia ou para outras actividades.

- A folla de aula para profesorado, serve para que os/as docentes determinen os materias de uso diario que deben estar presentes na aula e que non se poden retirar da mesma.
- A folla de aula de alumnado serve para que este deixe constancia dos materiais que está a utilizar para unha determinada actividade ou traballo. Coma no caso anterior eses materias non de poderán retirar mentres dure a actividade.
- En cada folla de aula deben cumprimentarse tres apartados: obxectos, persoa que os utiliza, data de retirada dos mesmos.

De forma periódica o Servizo de Creación e Produción supervisa as follas de aula para comprobar o axuste das mesmas ao estado da aula. Calquera obxecto presente na aula que non aparece reflectido nas follas será retirado ao almacén, ou, de ser o caso, depositado no lixo.